



REGULAMENTO DE ELABORACIÓN E DEFENSA DOS TRABALLOS FIN DE GRADO DA TITULACIÓN DE RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Aprobado en Xunta de Facultade na súa sesión do 25 de xaneiro de 2024
Ratificado en Consello de Goberno da USC na súa sesión do 23 de febreiro de 2024**

O *Real Decreto 822/2021 de 28 de setembro polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade*, establece no seu artigo 14.6 que o TFG ten carácter obrigatorio e como obxectivo esencial a demostración por parte do/a estudante do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades definitorios do título universitario oficial de grao, debendo ser defendidos nun acto público, de acordo coa normativa que a tal efecto estableza o centro ou, no seu caso, a universidade.

A *Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobada na sesión do Consello de Goberno do 10 de Marzo de 2016, establece distintas pautas relacionadas co Traballo de Fin de Grao e dispón as liñas básicas para a uniformidade na regulación dos traballos de fin de grao das diferentes titulacións de grao da USC.

No *Plan de Estudos de Graduado en Relacións Laborais e Recursos Humanos* da Universidade de Santiago de Compostela (USC), establécese que o TFG desta titulación consta de 6 créditos.

En desenvolvemento das disposicións citadas, a Xunta da Facultade de Relacións Laborais, en exercicio das competencias que lle atribúen os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e a Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM da Universidade de Santiago de Compostela, aproba o seguinte Regulamento dos TFG da titulación de graduado en Relacións Laborais e Recursos Humanos pola Universidade de Santiago de Compostela.

CAPÍTULO I: CONSIDERACIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

O obxecto da presente norma é regular o proceso de realización e presentación dos Traballos de Fin de Grao da titulación de graduado en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Universidade de Santiago de Compostela e adecualo ás características desta Titulación.

Artigo 2. Natureza do traballo fin de grao

2.1. O TFG consistirá na elaboración de forma individual por parte do estudante, dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados na titulación. Incluirán, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo.

Estarán orientados á avaliación das competencias asociadas á titulación como: capacitación para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, normalmente da súa área de estudo; emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

2.2. O TFG desenvolverase baixo a supervisión dun ou máis titores/-as académicos. O persoal docente da Universidade de Santiago de Compostela que sexa nomeado titor de TFG ten a obriga de asumir esta actividade de titorización conforme o establecido nesta normativa.

2.3. Para a obtención dos créditos asignados no plan de estudos ó Tráballo Fin de Grao, o/a estudante deberá matricularse, solicitar a súa presentación e defensa nalgunha das oportunidades previstas ó efecto. A defensa realizarase en sesión pública.

Artigo 3. Órganos do centro encargados da xestión dos Traballo Fin de Grao

3.1. A aprobación ou modificación deste Regulamento correspóndelle á Xunta de Facultade e ao Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela. A Comisión de TFG aprobará os períodos de entrega e presentación do TFG.

3.2. O equipo decanal designará un/unha coordinador/a de TFG, e unha comisión encargada de atender as cuestións propias do desenvolvemento da materia “Tráballo de Fin de Grao” .

3.3. A Comisión de TFG estará composta polo/a decano/a, o vicedecano/a, o secretario/a da Facultade, o coordinador/a de TFG, o/a responsable da unidade de xestión de centro e departamento, o/a coordinador/a do Grao e un/unha estudante do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos integrante da Xunta de Facultade. O/a decano/a e o/a secretario/a da Facultade actuarán como presidente e como secretario/a, respectivamente, da Comisión de TFG.

3.4. O/a coordinador/a de TFG será o/a encargado/a de supervisar a correcta realización e organización das funcións encomendadas á comisión de TFG, e que aparecen definidas no punto 3.5 deste artigo.

3.5. A Comisión de TFG entenderá dos procedementos de asignación, elaboración, modificacións, presentación e avaliación dos TFG. En particular, no marco do establecido neste Regulamento, terá as seguintes funcións:

- a) Elaborar o procedemento e o calendario para a solicitude, elección e asignación dos TFG e dos/-as titores/-as.
- b) Aprobar a proposta das liñas temáticas e temas, previa consulta aos departamentos con docencia no título.
- c) Aprobar a asignación dos TFG e dos/-as seus titores/as.
- d) Aceptar ou denegar as solicitudes de anulación ou modificación dos TFG.
- e) Designar e aprobar os tribunais de avaliación dos TFG.
- f) Propor ao/á decano/a a autorización para a presentación de TFG en casos excepcionais.

- g) Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignado derivada de situacións excepcionais, previa consulta ao/s departamento/s afectado/s cando sexa preciso.
- h) Elaborar e/ou modificar os criterios de avaliación (sistema de rúbricas) do TFG.
- i) Elaborar e/ou modificar a guía para a presentación do TFG, na que se establecerán as características formais que deberán respectar estes (extensión, formato, contido mínimo...), de acordo co fixado neste Regulamento.
- l) Resolver as incidencias non previstas neste Regulamento.
- m) Calquera outra que a Xunta de centro lle encomende.

3.6. Correspóndelle á unidade de xestión de centro e departamento da Facultade:

- a) A xestión das solicitudes de propostas de TFG (opcións A, B e C).
- b) A relación cos departamentos con docencia na titulación, en todo o relacionado cos Traballos Fin de Grao.
- c) A comprobación de que os alumnos/as cumpren os requisitos para poder presentar e defender o TFG.
- d) A comprobación de que o TFG presentado cumpre os requisitos formais a) e b) que figuran no artigo 13 deste Regulamento.
- e) A xestión das solicitudes de defensa dos TFG en cada convocatoria.
- f) A custodia e arquivo dos Traballos Fin de Grao.
- g) A xestión dos espazos e medios necesarios para o correcto desenvolvemento das sesións de exposición e defensa dos Traballos Fin de Grao.
- h) A xestión das actas dos Traballos Fin de Grao.

CAPÍTULO II: CONVOCATORIAS, MATRÍCULA E ENTREGA DOS TRABALLOS FIN DE GRAO

Artigo 4. Convocatorias

4.1. A matrícula dos traballos realizarase dentro do prazo xeral de matrícula ordinaria que estableza a Universidade, mediante o aboamento dos prezos públicos que correspondan conforme aos créditos que teña asignados e conxuntamente coas materias que o alumnado teña pendente de superar para completar os estudos de grao.

Para poder formalizar a matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes un máximo de 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG.

4.2. Os/as alumnos/as de intercambio poderán matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de Intercambios da USC.

4.3. A matrícula dará dereito á entrega e defensa do traballo en dúas oportunidades no curso no que o estudante estea matriculado e reportará os prezos públicos establecidos, sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

4.4. Os TFG entregados só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, salvo os correspondentes aos propios traballos.

A unidade de xestión de centro e departamento da Facultade, deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a defensa do TFG. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias, o/a secretario/a do centro responsable da titulación solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos na mesma convocatoria.

4.5. A Comisión de Traballo Fin de Grao aprobará as datas de entrega, de defensa e exposición dos Traballos Fin de Grao, que deberán realizarse en febreiro, xullo e setembro.

4.6. O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado para o TFG será de catro, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. A obtención de *non presentado* nalgunha das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir a convocatoria.

Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

4.7. Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. No suposto de que o/a alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

Artigo 5. Solicitud para a presentación e defensa do Traballo Fin de Grao

5.1. O alumnado matriculado do Traballo Fin de Grao solicitará en cada curso académico, a través da súa secretaría virtual, unha solicitude de presentación e defensa do seu traballo nalgunhas das oportunidades previstas.

5.2. A Comisión de Traballo Fin de Grao, establecerá, para cada unha das oportunidades, un prazo de entre 7-15 días naturais para a realización da solicitude.

5.3. Unha vez recibida a solicitude unha persoa da Unidade de apoio a comunicará ao titor/a do TFG e lle requirirá o preceptivo informe no caso de que elixa a modalidade de defensa ante un tribunal, que este/-a deberá subir a súa secretaría virtual cunha antelación de cinco días lectivos á data de defensa do TFG. A secretaría porá estes informes a disposición do tribunal de avaliación para que o teña en conta na cualificación final do TFG segundo os criterios establecidos para esta modalidade de defensa. No caso de que elixa a modalidade de defensa ante titor/a este informe será previo á defensa. A comisión do TFG establecerá as características formais e criterios de avaliación deste informe que debe emitir o/a titor/a.



5.4. O/A estudante que, realizada a correspondente solicitude para unha determinada oportunidade, non se presentara e pretendara facelo noutra, deberá realizar unha nova solicitude nos prazos previstos.

Artigo 6. Entrega dos Traballos Fin de Grao

O/A estudante subirá unha copia en formato electrónico no momento de facer a solicitude de defensa do TFG a través da súa secretaría virtual. Non é preciso presentar exemplares impresos.

CAPÍTULO III: PROPOSTAS, ASIGNACIÓN, TITORIZACIÓN, MODIFICACIÓN E CADUCIDADE DOS TRABALLOS FIN DE GRAO

Artigo 7. Propostas de Traballo Fin de Grao

7.1. Finalizado o período de matrícula do curso académico, o alumnado matriculado no TFG, nos prazos que se determinen, deberá optar por algunha das seguintes opcións:

- A) Presentar unha proposta de traballo (opción A), asinada tanto polo/a alumno/a como polo/a titor/a do Traballo Fin de Grao, debendo incluír a seguinte información:
 - a) Título do traballo.
 - b) Nome do/a titor/a.
- B) Solicitar que se lle prorrogue o Traballo Fin de Grao xa asignado en cursos académicos anteriores (opción B).
- C) Solicitar que se lle asigne un determinado Traballo Fin de Grao (opción C) e un/unha titor/a para o mesmo

7.2. Aos efectos de poder satisfacer as demandas dos estudantes que opten pola opción C, o decanato do centro porase en contacto cos departamentos con docencia na titulación para solicitarlles que remitan unha relación de traballos (incluírase título e titor/a). O número de traballos que se solicitarán aos departamentos será establecido pola Comisión de Traballo Fin de Grao de modo proporcional segundo o número de créditos que cada área ten asignada na titulación.

7.3. Recibida e publicada a relación de traballos dos departamentos, o alumnado expresará as súas preferencias mediante o correspondente formulario, dirixido ao/á decano/a do centro, no que figurará o listado completo dos traballos ofertados, que deberán ser numerados por orden de preferencia.

Artigo 8. Asignación dos Traballos Fin de Grao

8.1. A Comisión de Traballo Fin de Grao analizará, aprobará ou denegará e dará publicidade á asignación dos Traballos Fin de Grao.

8.2. No caso da opción A, de cumprirse todos os requisitos, autorizarase a designación ao estudante do traballo e o/a titor/a solicitados. En caso contrario, a Comisión de Traballo Fin de Grao asignaralle un traballo e un titor/a da opción C.

8.3. No caso da opción B, se non fose aceptada a solicitude do/a alumno/a, a Comisión de Traballo Fin de Grao asignaralle un traballo e un titor/a da opción C

8.4. A asignación dos traballos, no caso da opción C, realizarase tendo en conta as preferencias expresadas polo alumnado na súa petición, utilizando como criterio de asignación a nota media do expediente académico de cada solicitante.

8.5. A Comisión de TFG asignará un traballo e un titor/a da opción C aos estudantes matriculados por primeira vez no TFG que non optaran por ningunha das opcións contempladas no artigo 7.

8.6. Unha vez asignados e publicados os TFG, o/a estudante deberá contactar co/a titor/a do seu traballo co obxecto de programar a elaboración do TFG.

8.7. O proceso de asignación e publicación dos Traballos Fin de Grao en cada curso académico debe estar rematado antes do comezo do segundo cuatrimestre.

Artigo 9. Titorización dos Traballos Fin de Grao

9.1. O TFG deberá ter un/ha titor/a que asista aos estudantes na realización do traballo. Por razóns xustificadas e se a comisión de TFG o estima oportuno, poderá designarse outro/a titor/a, un/ha cotitor/a, ou excepcionalmente dous cotitores.

9.2. O/a titor/a será Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas que impartan docencia na propia titulación.

Excepcionalmente tamén poderán ser cotitores profesores da USC que se atopen na situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou *ad honorem* e profesores doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismos Públicos de Investigación (OPI) e profesionais especializados. Non poderán ser cotitores persoal de administración e servizos, agás nos supostos de consideración como profesionais, nin o persoal contratado con cargo ao capítulo VI, agás os que posúan titulación de máster ou teñan unha titulación que se corresponda co nivel 3 (máster) do MECES.

No caso de cotitorías de persoal alleo á USC (área externa), con carácter previo a realizar a cotitoría, deberá comunicarse dita circunstancia á vicerreitoría con competencias na materia a través do servizo correspondente indicando a súa adicación.

9.3. Os TFG poderán realizarse no marco de convenios con empresas ou institucións. Nestes casos a matrícula realizarase na USC pero poderá designarse un cotitor que poderá ser persoal do centro ou institución no que se desenvolva o traballo. En todo caso, a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC. Tamén poderán realizarse no marco de convenios de intercambio de estudantes (ERASMUS, SICUE,...). Neste último caso, exercerá como titor/a do TFG o coordinador/a académico/a do intercambio.

9.4. O/a titor/a programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e a de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo confidencial sobre este seguimento no prazo que estableza o centro antes da defensa do traballo e para os efectos



de que se teña en conta para a avaliación establecida nesta normativa. Ademais da comisión de TFG, unicamente o tribunal que avalíe o traballo, ou de ser o caso, o propio titor/a, terán acceso ó dito informe.

Artigo 10. Anulacións e modificacións

A Comisión de TFG, previa petición motivada por parte do/a alumno/a ou do/a titor/a dun TFG, dirixida ao/á decano/a do centro, poderá admitir ou denegar a anulación completa ou parcial da asignación (modificación do título ou do/a titor/a, e do/a cotitor/a, se fose o caso), procedendo a realizar unha nova. Corresponderá á secretaría do centro a xestión destes procesos e, se fose preciso, a comunicación dos cambios ós servizos administrativos correspondentes.

Artigo 11. Prórroga e caducidade

No caso de que o/a estudante non realice ou non supere a presentación e defensa do seu Traballo Fin de Grao nun curso académico, e salvo nos casos de anulación e modificación previstas no artigo anterior, o alumno deberá poñerse en contacto co titor para que este decida si se lle prorroga a titorización do traballo no seguinte curso. O/a alumno/a tamén pode solicitar no novo curso académico a asignación dun novo/a titor/a ou tema segundo o establecido no artigo 7 sobre as opcións de proposta de TFG.

CAPÍTULO IV: REQUISITOS DOS TRABALLOS FIN DE GRAO

Artigo 12. Requisitos académicos para a presentación e defensa do Traballo Fin de Grao

Para a presentación e defensa pública dos TFG será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do grao. A unidade de xestión de centro e departamento verificará que se cumpren estes requisitos. Para estes efectos, no caso de que nas datas previstas para que o alumnado solicite a presentación e defensa nunha determinada convocatoria, aínda non se asinaran todas as actas de exame das materias do Grao, o/a secretario/a do centro solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que pretende presentar os traballos na mesma convocatoria. Esta información terase en conta ós efectos de permitir ou non a presentación do traballo na convocatoria solicitada. En ningún caso procederá a presentación e defensa do Traballo Fin de Grao en tanto existan materias pendentes de cualificación.

Artigo 13. Requisitos formais do Traballo Fin de Grao

13.1. O TFG terá unha extensión mínima de 10.000 palabras e deberá incluír os seguintes apartados:

- a) Portada, na que constarán a identificación do autor, titulación á que pertence o TFG, o título completo deste, ano académico de presentación e convocatoria.
- b) Primeira páxina, na que aparecerán os mesmos datos que na portada debendo constar o título en galego, en castelán e en inglés.
- c) Índice de contidos (capítulos, apartados, táboas,...).
- d) Breve resumo.
- e) Introducción na que se fará referencia aos obxectivos do TFG
- f) Contidos.
- g) Conclusións.



h) Bibliografía utilizada.

13.2. A Guía de presentación do Traballo de Fin de Grao recollerá as normas relativas ao seu formato establecidas pola Comisión de TFG.

CAPÍTULO V: DEFENSA E AVALIACIÓN DOS TRABALLOS FIN DE GRAO

Artigo 14. Avaliación

14.1. A avaliación dos traballos farase na Facultade de Relacións Laborais, a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal ou do/a titor/a.

14.2 O alumnado disporá de dúas modalidades de avaliación:

- a) Avaliación polo titor ou titora do traballo, que será a modalidade ordinaria
- b) Avaliación por un tribunal que deberá ser solicitada expresamente polo alumno.

14.3 **Modalidade Titor.** A avaliación por parte do titor/titora deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser unha convocatoria de defensa pública do TFG, na que se indique data e hora, lugar e relación dos TFG que van ser defendidos baixo esta modalidade.
- b) A cualificación máxima que poderá obterse por este procedemento é 7,5 (Notable).

14.4 **Modalidade Tribunal.** A avaliación por parte dun tribunal deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Os tribunais estarán formados por tres membros e, polo menos, un suplente que deberán ser profesores/as do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos no curso no cal se defende o TFG ou, no seu defecto, haber sido profesor/a nos catro anos anteriores ou ben no curso inmediatamente posterior a defensa do TFG. En todo caso, polo menos un dos membros do tribunal pertencerá a unha área de coñecemento afín ás liñas temáticas xerais dos traballos. Actuará como Presidente o membro de maior categoría e antigüidade e como Secretario o de menor categoría e mais novo. O/A titor/a e cotitor/a dun Traballo Fin de Grao non poderán formar parte do tribunal avaliador dos traballos que titoricen. O tribunal tamén poderá invitar ao titor/a ou a profesores/as especializados/as na temática do traballo que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.
- b) En cada unha das convocatorias poderá constituírse un único ou varios tribunais para a valoración dos TFG. Correspóndelle á Comisión de Traballo Fin de Grao esta decisión.
- c) Nesta modalidade de avaliación, a cualificación final establecerase do seguinte xeito: 70% da nota corresponderá á cualificación do tribunal e o 30% ao informe do seu titor ou titora. Dito informe será confidencial e razoado a través dun sistema de rúbricas.

14.5. En calquera dos dous sistemas de avaliación deberá haber un informe preceptivo confidencial do/a titor/a.

14.6. As cualificacións daranse a coñecer nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

14.7. A comisión de TFG indicará os prazos para que o/a alumno/a poda decidir entre as dúas modalidades de avaliación. Estes prazos deberán coincidir cos indicados para a solicitude de defensa do TFG.

Artigo 15. Presentación e defensa do Traballo Fin de Grao

15.1. A presentación e defensa do TFG por cada alumno/a solicitante terá lugar nas datas establecidas na convocatoria correspondente.

15.2. A defensa será oral e terá carácter de acto público en calquera das dúas modalidades de avaliación, sendo a súa duración máxima de quince minutos por estudante. O tribunal ou o titor/a dependendo da modalidade de avaliación elixida poderán realizar as preguntas e cuestións que considere axeitadas para proceder á cualificación dos TFG.

15.3. Para casos excepcionais, debidamente autorizados pola Comisión de TFG, poderá realizarse a presentación e defensa por medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

15.4. O alumnado que, unha vez feita a entrega do traballo e verificadas as condicións para a súa defensa, non se presente á defensa do TFG na data asignada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

15.5. A elaboración e defensa do traballo poderanse efectuar en calquera das linguas que se utilizaron na impartición do grao conforme ao disposto na memoria de verificación do título, sempre que se poidan establecer tribunais competentes nas devanditas linguas. En todo caso, garantirase o dereito a elaborar e defender os traballos en calquera das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Artigo 16. Cualificación dos Traballos Fin de Grao

16.1. A cualificación dos traballos realizarase conforme ós criterios establecidos na guía docente da materia, que estarán vinculados á consecución das competencias da titulación e das competencias transversais.

16.2. Modalidade Titor/a

O/a titor/a decidirá a cualificación que lle corresponde conforme aos criterios de avaliación publicados na guía docente e ao disposto na memoria de verificación do título outorgando a cualificación de acordo coa seguinte escala numérica, de 0 a 7.5 con expresión de un decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non presentado (NP)
- 0-4,9: Suspenso (SS)
- 5,0-6,9: Aprobado (AP)

- 7,0-7,5: Notable (NT)

16.3. Modalidade Tribunal

Os tribunais deliberarán sobre a cualificación que lle corresponde conforme aos criterios de avaliación publicados na guía docente e ao disposto na memoria de verificación do título. outorgando a cualificación de acordo coa seguinte escala numérica, de 0 a 10, con expresión dun decimal e á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non presentado (NP)
- 0-4,9: Suspenso (SS)
- 5,0-6,9: Aprobado (AP)
- 7,0-8,9: Notable (NT)
- 9,0-10: Sobresaliente (SB)

A cualificación outorgada polo tribunal suporá un 70% da nota final. O 30% restante será a cualificación outorgada polo titor no informe preceptivo segundo o establecido no artigo 14 deste Regulamento e na guía docente do TFG elaborada pola comisión de TFG.

A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico. No caso de constituírse un tribunal único para todas as convocatorias, será este o que outorgue as matrículas de honra que correspondan. Noutro caso, a atribución desta cualificación corresponderalle á comisión de TFG, oídas as propostas dos diferentes tribunais.

16.4. Independentemente da modalidade de avaliación e cualificación, o alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e incluírán como mínimo dúas datas opcionais.

16.5. A revisión será persoal e, no caso da modalidade tribunal, poderá realizala un ou varios membros do mesmo. Na outra modalidade realizaraa o titor/a. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, e asemade a *Instrución da secretaría xeral nº 4, do 18 de novembro de 2011 sobre revisión de traballos de fin de grao ou máster*.

16.6. A superación do Traballo Fin de Grao implicará a superación dos créditos obrigatorios establecidos no plan de estudos, sen que sexa posible a superación parcial ou dun menor número de créditos.

Artigo 17. Actas

17.1. As actas dos Traballos Fin de Grao serán individuais e nelas constarán o nome do/a titor/a ou cotitor/a, dos membros do tribunal cualificador ou do/a titor/a, segundo a modalidade de defensa escollida, o título do traballo, a data de presentación e defensa e a súa cualificación.

17.2. As actas serán asinadas por todos os membros do tribunal avaliador no caso da modalidade Tribunal e polo titor/a no caso da outra modalidade. Si algún deles estivese imposibilitado para asinar a acta, porase en coñecemento da Secretaría Xeral da USC, e asinará a acta o/a coordinador/a do TFG. En caso de imposibilidade deste, asinará a acta o/a profesor/a que designe a Secretaría Xeral da USC. En todo caso, farase constar esta incidencia na acta.

17.3. Finalizado o período de defensa de TFG en cada curso académico xerarase de xeito automático unha acta consolidada (acta final), que conterà a todo o alumnado matriculado na materia de TFG coas cualificacións que en cada caso lles corresponda polas actas individuais, non presentados, mencións e as cualificacións obtidas polos/as alumnos/as de intercambio. Estas actas serán asinadas polo/a coordinador/a do TFG ou TFM.

17.4. Os/as estudantes matriculados que non optaran por ningunha das oportunidades do curso académico figurarán nun acta conxunta, na última oportunidade do curso, coa mención “non presentado” que será asinada polo coordinador/a dos TFG

17.5. O alumnado matriculado que non se presentase en ningunha das oportunidades, figurará na acta consolidada coa mención “non presentado”. Nesta edición da acta tamén se incorporarán as mencións de “matrícula de honra” conforme o establecido no artigo anterior.

17.6. Da xestión das actas e da relación cos servizos administrativos e coa Secretaría Xeral da USC entenderá e se responsabilizará a secretaría do centro.

CAPÍTULO VI: DEREITOS DOS TRABALLOS FIN DE GRAO

Artigo 18. Dereitos do Traballos Fin de Grao

18.1. A propiedade intelectual do TFG correspóndelle ao/á alumno/a que o realizou. No caso de que o TFG se realice no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade, ou de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos do TFG serán os recollidos no contrato ou convenio baixo o disposto na lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Nestes casos e sempre que existan cláusulas de confidencialidade con empresas ou no caso de que poidan dar lugar a dereitos de propiedade industrial e intelectual que non se poidan difundir antes de estaren debidamente protexidos, procederá a entrega de dúas versións da memoria de TFG: a reducida, na que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difundir ou polo deber de segredo ou confidencialidade; e a versión completa, que se entregará baixo compromiso de confidencialidade.

A versión reducida será o que se utilice para ser autorizada a súa defensa e deberá coincidir co contido da exposición e defensa pública. A versión completa estará a disposición dos membros do tribunal para a súa avaliación. O/a titor/a e os membros do tribunal deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos que non se poderán difundir publicamente. Se o tribunal desexa formular cuestións sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse nunha sesión privada, con carácter previo ou posterior á pública.

O exemplar do traballo non será obxecto de publicación no repositorio institucional da USC (Minerva) ata que sexan realizadas as oportunas proteccións ou venza o prazo de confidencialidade.

18.2. O exemplar en formato electrónico dos traballos superados quedará a disposición do centro para o seu arquivo e consulta, e poderá ser utilizada na Universidade de Santiago de Compostela para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo inédito.

18.3 Os traballos que acaden a cualificación de 9 ou mais enviaranse para a súa publicación no repositorio institucional da USC (Minerva). Ademais, a comisión de TFG poderá propoñer a publicación doutros TFG que aínda que non acadaran dita cualificación destaquen pola súa calidade. Os/as autores/as dos traballos propostos, co visto e prace do/a titor/a, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no que declaren que se trata dun traballo orixinal. Esta autorización farase xunto coa solicitude de presentación a través da secretaría virtual.

Artigo 19. Deberes do alumnado

19.1. Os TFG debe ser un traballo orixinal de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización.

19.2. O incumprimento do indicado no apartado anterior suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria e o deber do/a titor/a e do tribunal que o detecte de poñelo en coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos/as estudantes e de revisión de cualificacións.

19.3. Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a comisión de TFG considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarse o indicado no parágrafo anterior.

DISPOSICIÓS ADICIONAIS

O presente Regulamento será interpretado en consonancia co resto de normas e procedementos da Universidade de Santiago de Compostela vixentes, entre outras a *Normativa sobre Permanencia nas Titulacións de Grao e Máster*, a *Normativa de Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións*, o *Regulamento da USC dos Intercambio Universitarios de Estudantes*, as *Normas de Planificación Académica Anual*, e o resto de normas sobre os TFG do centro.



DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR

O presente Regulamento entrará en vigor no curso académico 2022-2023 trala publicación no Taboleiro Electrónico da USC unha vez ratificado polo Consello de Goberno.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas normas se opoñan a este acordo e en particular *o Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao da titulación de Relacións Laborais e Recursos Humanos da Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado en Xunta de Facultade o 21 de outubro de 2016 e en Consello de Goberno da USC na súa sesión de 31 de xaneiro de 2017.